

P. Vilaboi Freire (2004): “A fraseloxía galega: aproximacións á descrición do carácter psíquico das persoas”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 3, 707-713.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

A FRASEOLOXÍA GALEGA: APROXIMACIÓN Á DESCRICIÓN DO CARÁCTER PSÍQUICO DAS PERSOAS

Pilar Vilaboi Freire

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

A Ferro Ruibal, porque coma el estou farta da crueldade, prepotencia e sarcasmo das conversas do tren sobre o *galego* e os *galegos*.

Comezarei o meu relatorio facendo unha pequena introducción sobre a Fraseoloxía que é a disciplina que estudia o conxunto de modos de expresión peculiares dunha lingua, grupo, época, actividade ou individuo. Estes modos de expresión engloban varios enunciados fixos na súa combinación denominados frases proverbiais, modismos, locucións e refráns, entre outros. Non é o meu propósito facer unha análise exhaustiva da diferenza entre eles, senón simplemente delimitar cál vai se-lo noso campo de traballo e cál non.

Segundo o profesor Ferro Ruibal (1996, p.14) a distinción entre os refráns e o resto dos modos de expresión –frases proverbiais, locucións, modismos, etc.– é que os primeiros indican un pensamento completo: “*A auga corrente non mata á xente*”, fronte ós *ditos* que indican un pensamento incompleto: “*Estar coa auga ó pescozo*”.

O noso campo de estudio dentro da fraseoloxía vaise centrar nos ditos; é dicir, nas frases feitas, modismos e frases proverbiais. Xa advirto agora, que *estou a bravo* no campo da Fraseoloxía, é dicir, que non estou cultivada nisto nin moito menos, pero por iso fixen este traballo, porque *lle tiña gana* desde hai moito tempo e tamén me forzo a min mesma a aprender. Pero quero *parárllle-lo carro* ós que pensen que vou meterme en profundidades lexicográficas. Se hai alguén que espera iso do meu relatorio, *sairanlle as contas furadas*. Os motivos que teño son varios:

1. Porque a sección de “Lexicografía e Semántica” é outra, a nosa é a número 7,
2. Sendo xa o cuarto día do Congreso e habendo unha sección específica de Lexicografía supoño que repetiría cousas xa ditas moitas veces sobre Fraseoloxía,
3. Porque preferín facer un traballo de Estilística Popular, entre outros motivos porque é a nosa sección “Lingua de autores e estilística da Lingua” e considero que o meu traballo deste xeito é menos aburrido e menos denso para a primeira hora da mañá.

O último aviso é que non *lles teño a chave das noces* ou se o prefiren, non sei *se lles saberei saca-las castañas do lume* das posibles preguntas que suscite este relatorio. Pero, como di miña avoa, *todo se andará* ou *xa se sairá como se poida*.

Debido á amplitude do tema non vou dar unha descrición en profundidade do carácter psíquico do galego, porque iso levaríanos ó meu modo de ver bastante máis de media hora. Cinguireime a analizar aqueles recursos fraseolóxicos que eu considero que mellor definen o carácter dun galego verdadeiro. ¿Que é ser un galego *fetén*? Uso *a mantenta*, ou *a propósito* o castelanismo *fetén* porque desde o meu punto de vista define a un galego auténtico, con moitísima riqueza léxica e por suposto cunha pureza fraseolóxica única. Outro motivo que me leva a usar esta palabriña, *fetén*, é porque lla oín a un señor que non sabía de castelanismos escritos nin normativas, pero que *me daba cen mil voltas* en Fraseoloxía.

Disque as aparencias enganan e iso pode pasarlles co corpus deste traballo: poderalles parecer tópico polas características psíquicas escollidas dos galegos pero *nada é o que parece*. Elixín aqueles ditos que me *deron máis xogo*, porque *tiña moreas* deles pero non podía usalos todos e quixen opoñer eses ditos a aqueloutros que significaban o contrario; por exemplo, *retranqueiro* fronte a *inocente*, *desconfiado* fronte a *confiado*, pero non o conseguín en tódolos apartados. Vostedes *teñen luces suficientes* para entender que hai moitos galegos *fetén* que non son así como eu os describo, xa que hai moitas outras calidades ou defectos psíquicos que non analizo, *ben mirado* porque non me interesaron, o que si lles aseguro é que tamén hai galegos que son como eu os describo.

Non quixera *ser rallante* e moito menos *relante*, polo que comeceamos xa, e que *Deus nos colla confesados* para *non mexar fóra do cacho* (López Taboada, 1996, p. 84).

1A. SER RETRANQUEIRO, IRÓNICO, ASTUTO

Desde o meu punto de vista son algunhas das nosas mellores características psíquicas. Esa mestura de gracia intencionada nos dicires cun pouco de malicia que só algúns dos nados aquí conseguimos entender. Un galego *retranqueiro* expresa o contrario do que está dicindo, pero porque el o quere facer así, sen embargo non todo o mundo llo capta.

Sempre oín dos galegos que temos segundas intencións no que dicimos ou facemos e teño moi bos exemplos disto. Miña nai sempre di de meu pai *que ten moito rabo* cando di algo que implicitamente leva *retranca* e moitas frases feitas co substantivo *rabo* teñen un matiz especial, supoño que aludindo a que o rabo nos animais está sempre na parte final do corpo, aquela parte que non é vital de todo pero que ten a súa función, aínda que sexa só para agochar algo ou expresar sentimentos.

Esa pera rabo leva, é unha frase proverbial que indica que hai algo máis na frase que se dixo, que aínda non está todo dito.

Vérselle o rabo a alguén é que se lle ven as trazas, as intencións que ten unha persoa. O raposo ten un rabo longo, por iso tamén dicimos *ten máis mañas ca un raposo* por alguén que ten retranca e que é espelida nos seus feitos.

Ser un bo peixe ou *ser boa peza* significa ser trasno ou malo, e como ven o significado do adxectivo *bo* transfórmase en boca dun galego *fetén* en feitos ou dicires malos ou pexorativos, sempre dependendo do ton co que se empregue.

Ter máis rabos ca un pulpo igual ca *ser raposo vello* son expresións que indican *estar de volta* nos asuntos, por tanto, sagacidade e ironía para saber actuar como esa persoa queira actuar. Ás veces hai moita ironía para expresar esa astucia: *saber moita letra miúda* podémolo dicir de persoas que non saben ler, pero que saben máis cós que lemos con certa fluidez.

Estás feita unha artista é unha frase que me dixo o meu home, con moita retranca, cando leu o primeiro borrador deste relatorio. Eu púidenlle contestar *¿e logo?* (a pregunta por excelencia de todo galego que non entende ou non quere entender), pero non o fixen, porque o comprendín moi ben; xa que, realmente era para criticarme *con moito tino* de que cambiase aquilo que a el non lle parecía ben.

E permítanme acabar este apartado cunha frase de orixe occitana, de uso común na comarca ferrolá e leste da Terra Chá pola que eu devezo: *éche laido/laida*, que ten varios matices pexorativos desde “feo/a”, ata “persoa vil”, ou “persoa que fala dun xeito mioqueiro” –imposibles de explicar todos–, pero sempre negativos; por exemplo, podería dicir que este traballo ten un rigor científico *laido*. O mesmo ocorre con *ser un suñas* que é máis ou menos *ser un fode mansiño* (Ferro Ruibal, 1996, p. 92). Coma sempre os que fan as cousas por baixo, por detrás, poden non ser do noso agrado pero sempre acaban sendo os máis agudos e pillos.

1B. SER INOCENTE, PARADO, PARVO

Cando alguén di dunha persoa que *é un infeliz* ou que *é un boafé* ou *un miñaxoia* quere dicir que *non se pode sacar de onde non hai, que non dan para máis*. Estas persoas son parvas, paradas, e incluso poden ser moi crédulos ou inocentes. Se dicimos que *é un pobre home* ou que *é un Xanciño* –amais doutros significados ou acepcións máis habituais que non analizarei– indicamos que non ten picardía, que é demasiado bo, que *se pode facer desa persoa un pandeiro*. Segundo o meu modo de ver, os galegos dicimos estas frases porque valorámo-la retranca como unha calidade positiva que non todo o mundo ten, e os que carecen dela, aínda sendo boas de vontade nunca entenderán a segunda intención que é innata a moitos ditos.

Ser un feixe de herba seca é unha frase bastante transparente para moitos de nós; significa “ser indeciso, parado”. Digamos que é *daquela maneira*, que *nin ata nin desata* para traballar, por exemplo. *É como non tela*, porque a herba seca non se move soa, as persoas así tampouco, hainas que encirrar. E ás veces hai persoas que *teñen moito conto* e *dórmense nas pallas* cando *hai que da-lo callo*: dicimos que *teñen moita maula* ou que son preguiceiras, é dicir, paradas para traballar. Hai galegos –non todos– que se *queixan de vicio* cando usan a famosa expresión *imos indo*, porque se cadra téñeno todo na vida pero nunca van recoñecer que lles vai ben, e na nosa terra tendemos a laiarnos por todo, con ou sen motivo.

Te-la cabeza de serrín mollado (de novo un castelanismo ó que non renuncio na frase feita), creo que é unha expresión moi transparente xa que as serraduras son aqueles restos que sacamos cando serrámo-la madeira e molladas non serven para moito (que eu saiba para varre-lo chan ou acende-lo lume e son serraduras secas, non molladas). Unha persoa caracterizada así, podemos pensar que *lle falta un verán* ou tamén que *anda a velas vir* porque espera que lle veña todo dado.

2A. SER DESCONFIADO, RESERVADO, CALADO

Fago un só bloque con estes adxectivos, porque considero que en xeral os galegos somos desconfiados, e tódalas persoas faltas de confianza son tamén precavidas, prudentes e reservadas. Nunca din nin fan nada antes de sabe-lo que pasa, polo tanto calan ata que se lles pregunta directamente e aínda así, calquera resposta pode non ser tal.

Cando alguén di que *anda coa area na zoca* ou *coa mosca detrás da orella* é que non se fía de algo ou de alguén. A mesma desconfianza pode expresarse con *dar mala espiña*, *cheirar a can* (López Taboada, 1996, p. 61), *cheirar mal*, *cheirar ó gas* cando un asunto ou unha persoa non nos inspira nada bo, do cal desconfiamos desde o principio. Aínda queda máis claro cando dicimos de alguén que *non é trigo limpo* ou que *é ruín coma a grama*, aquela herba mala que nace entre o trigo e que é moi mala de arrincar.

Somos desconfiados cando dicimos de alguén que *non vai no meu carro á misa* ou *que non aro cos seus bois* e, polo tanto, *calamos coma petos* ou *non damos chíó* nunha conversa na que queremos ser precavidos ou reservados.

Cautos e reservados foron os meus veciños de Recemel cando, despois de varios anos sen me ver, preguntáronme na taberna onde eu estaba *sen dar unha fala*, e de paso saber se podían seguir falando do alcalde diante miña: “E ti, *¿de quen vés sendo?*”. Nada máis souberon que era da familia de Galdo –coñecida para eles– dixeron coma se tivesen unha intuición: “*Dábanolo o corpo*, porque lle *imitas moito a teu pai*”. Eu estou convencida de que non me coñeceron ata que eu lles dixen a miña

familia, pero eles foron prudentes antes de falar diante dunha estraña. E tamén é ben coñecido nos galegos o dito *amiguiños si, pero a vaquiña polo que custa ou polo que vale*, para indicar que desconfiamos ata dos máis amigos cando facemos un trato. Na miña familia tamén se usa o dito *ser de prognóstico reservado* para aquelas persoas que non nos inspiran confianza, coas que hai que *andar con pés de ferro* (López Ta-boada, 1996, p. 99), ata que se demostre o contrario.

2B. SER CONFIADO, FALANGUEIRO, MARMULEIRO

Dou aquí outros tres adxectivos, por coherencia co apartado anterior aínda que a fraseoloxía galega é moito máis rica na desconfianza e na cautela, o que demostra que o noso carácter non é precisamente confiado. Cando dicimos que lle *temos moita lei a alguén* é que confiamos nel, que nos inspira fidelidade e respecto. Seica isto non é moi habitual entre nós, a vostedes ¿que lles parece?

Sen embargo, os ditos demóstrannos que o ser falangueiro é algo innato nos galegos. Hai moitos exemplos que proban o feito de que ós galegos nos gusta *falar de máis*, e por qué non dicilo, criticar; mal que nos pese somos marmuleiros nos falares, sobre todo nos dos outros, sempre nos gustou saber ou falar dos veciños e da xente, sexa esta coñecida ou non. Expresamos esta idea nos seguintes ditos:

Ter unha lingua coma unha subela, parecer unha tarabela, onde dous elementos de carpintería son usados como figuras de dicción porque os dous fan buratos, *furan ata sete paredes*, como ben di o dito; polo que se ve, ás veces podemos chegar a ser malvados e crueis coas nosas críticas. En Galicia *bota-la lingua a pacer* ou *ó sol* é un acto bastante usual, no sentido figurado.

O falar non ten cancelas é un dito que empregamos cando alguén está falando por non estar calado e pode ser respondido, como xa me ten pasado, con *e o pensamento tampouco*. No mesmo sentido empregamos *falar polas orellas ou falar máis cá radio*, tendo en conta que polas orellas oímos todo, tamén a radio, pero falar, falamos coa boca, *regalámo-los ollos* ou facemos xestos coa cara se me apuran, pero polas orellas, creo que aínda non demos falado.

Cando *latricamos* sobre a xente coñecida usámo-las expresións *poñelo a feder, a pan pedir, poñela pingando* ou *poñela a parir*, as cales son bastante usuais. Menos frecuentes son *recortarlle a saia a alguén* e *poñer a caer dun burro*, coas que podemos chegar ó insulto directo ou indirecto da persoa. Fíxense que os referentes da comparación son sempre elementos naturais –*pan, burro, roupa (saia)* ou accións de verbos coma *parir, pingar* ou *feder*– xa que normalmente son os elementos máis próximos os que se collen como referencia.

Pero, ademais de criticar tamén sabemos *chufar a alguén*. En xeral, tódolos pais *poñen polas nubes os seus fillos*, porque inconscientemente tamén así se chufan a

eles mesmos, supoño que polo de ser do mesmo sangue o cal non quere dicir que nunha familia todos teñan que *ser da mesma corda*; polo menos no caso da miña familia non todos témo-las mesmas ideas.

3A. SER PREOCUPADO, INTRANQUILO, DECIDIDO, ESAXERADO

Fago de novo unha múltiple clasificación porque creo que as persoas que somos intranquilas ou preocupadas tendemos a esaxerar bastante as cousas, despois podemos ser decididas ou non á hora de tomar unha determinación. Xuntei neste apartado expresións que tiñan connotacións diversas e eliminei o apartado 3b por non ter recollidas expresións contrarias de todas estas características no meu corpus; ademais de que serían moi semellantes, en parte, ás do apartado 1b.

Férveme a mola é unha frase moi coñecida no meu centro de traballo porque a usa unha persoa que *matina seguido* en algo e sempre *ten a cabeza ocupada* con miles de asuntos. Se cadra vostedes non captan a retranca do asunto: *un home de moito miolo*, que ten moitos entendementos, sempre anda a dicir que lle ferve a mola. Pero por moito que lle digamos que non se preocupe, é como *machacar en ferro frío* ou *perde-lo tempo*, sería insistir inutilmente. Non sei se saben que o ferro desde que arrefría non se pode espalmar ou mallar, pois a esta persoa moi querida no noso centro o que lle diga eu, por exemplo, *por un oído lle entra e por outro lle sae*.

Hai que ser decidido, *moi botado para diante*, para falar nun centro de traballo, poñamos por caso dun aumento de soldo, sobre todo cando *non está o alcacén para gaitas* e porque non sempre *está o forno para bolos nin se dá o xeito* para falar de todo. A petición se non sae ben pode chegar a *ser unha desfeita* e *sen comelo nin bebelo* quedarse un igual que estaba, que *xa é algo*. Diría miña sogra: “Eu *bravo sei* dese asunto, pero *vivirche nas nubes* non che dá preocupacións”. Quere dicir con isto que non sabe nada de soldos, pero que vive tranquila.

Esaxerado poderalles parecer este traballo ou eu mesma con *tanta leria*, pero quixen *carga-lo carro* e pecar por exceso e non por defecto, no número de ditos mencionados. Se cadra *medín o vento por arrobas* (López Taboada, 1996, p. 70) pero sempre pode servir de xustificación aquilo de que os galegos somos así, e eu, neste sentido, *sonlles moi galega*. E, por fin, *quedei sen folgos, non se fale máis e morra o conto*.

CONCLUSIÓN

Enchéronme o ollo tódolos traballos que lin sobre Fraseoloxía galega. Mencionarei os dous máis recentes: o do Profesor que preside esta mesa, D. Xesús Ferro Ruibal,

Cadaquén fala coma quen é e o de Carme López Taboada e Rosario Soto Arias, *Así falan os galegos*, a pesar de que hai máis que están mencionados na bibliografía. E *bendita sexa a hora* en que bebín destas dúas fontes que tanto me aprenderon neste vicio da Fraseoloxía; *ben deitei* deles para facer este sinxelo relatorio.

De tódolos xeitos non *chegan a nada* ou *non son dabondo*. Non quero dicir con isto que os traballos mencionados non sexan os dous brillantísimos, senón que aínda nos *queda moito por labrar* a todos neste terreo tan virxe da Lexicografía. Eu, prometo ou ameazo, segundo criterios, con seguir investigando pero creo que aínda ten que *dar moito que falar* a moita xente. Isto alegrárame infinito porque significaría que non perdemos un dos nosos cernes da lingua oral, por non dicir a mellor maneira de expresarnos que temos en galego así coma de enriquece-la nosa cultura *un chisquiño máis* cada vez que usemos as nosas frases feitas.

Con tal de que non escoitasen este relatorio *coma quen oe chover* e que lles parecese algo ameno xa *me dou por satisfeita*. E como diría Pemán, *isto é todo, ata mañá*.

BIBLIOGRAFÍA

- Ares Vázquez, C. *et alii*, *Diccionario Xerais da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 1986.
- Casares, J., *Introducción a la lexicografía moderna*, Madrid, Instituto Miguel de Cervantes, 1969.
- Ferro Ruibal, X., “Falando con xeito”, selección de artigos publicados na revista *Irimia*, nº 380 a 430, 1990-1994.
- Ferro Ruibal, X., *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*, A Coruña, Real Academia Galega, 1996.
- Fernández Salgado, B. (coord.), *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Vigo, Galaxia, 1991.
- Graña Núñez, X., *Vacilacións, interferencias e outros “pecados” da lingua galega*, Vigo, Ir Indo, 1993.
- López Taboada, C. / Soto Arias, M^a do R., *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega. Aplicación didáctica*, A Coruña, Galinova, 1995.
- Rodríguez González, E., *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, 3 vols., Vigo, Galaxia, 1958-1961.
- Zuluaga, A., *Introducción al estudio de las expresiones fijas*, Frankfurt a. M., Bern, Cirences-ter/U.K.: Lang, 1980.